

---

# Un bloque histórico no Mezzogiorno europeo.

---

Joan Tafalla

Tradución de Somos Niguén da intervención de Joan Tafalla no fórum *Saír da Unión Europea, unha proposta política polo cambio en Italia, en Europa, no Mediterráneo*.

Acceso á versión en castelán:  
<http://www.espai-marx.net/es?id=8605>

Gz, xaneiro/ 2014.

# Un bloque histórico no Mezzogiorno europeo

Como construír un bloque histórico dos países do Mezzogiorno europeo pola recuperación da democracia, da soberanía nacional e do desenvolvemento social e ecoloxicamente xustos?

Joan Tafalla

**[SN]**

**O texto desta intervención discute algunhas das propostas da Rete dei Comunisti no seu material de debate para o fórum euro-mediterráneo “Fóra da zona euro. Unha proposta para o cambio”, celebrado en Roma o pasado 30 de novembro e o 1 de decembro de 2013.**

**Pódese escoitar a intervención no seguinte vídeo: <http://www.youtube.com/watch?v=5voFB0AHRX0>**

## Á procura dun “programa de fase”

“Estes dous puntos fundamentais —formación dunha vontade colectiva nacional-popular da que o moderno Príncipe é ao mesmo tempo o organizador e a expresión activa e operante, e reforma intelectual e moral— deberían derivar dramaticamente do discurso, non ser unha fría e pedante exposición de raciocinios”<sup>1</sup>.

Acostúmase considerar tarefa dos comunistas tratar de dilucidar cal poida ser o programa de acción que corresponde á fase actual da loita de clases. Analizar concretamente a situación concreta, dilucidade en que momento do proceso de acumulación capitalista nos atopamos, caracterizar a crise de longo percorrido na que se atopa o capitalismo, determinar o período concreto da loita de clases que se atravesará. Desá análise débese extraer o programa de acción, o programa de fase que permita economizar esforzos, evitar o maior número de erros posibles, concentrar a acción e as forzas sobre os centros de anoamento das contradicións e contribuír á creación das condicións revolucionarias, que non son outras que as condicións subxectivas. Pero na procura dese programa de fase convén tomar precaucións co fin de evitar erros que xa son consuetudinarios na esquerda. Convén desconfiar daquilo que as forzas da esquerda de goberno acostuman

---

1. Antonio Gramsci, Caderno 13 § <1>, in *Cuadernos de la Cárcel*, Edición crítica de Valentino Gerratana, México, Editorial Era, 1985, quinto volume, p. 17. Primeira edición en italiano, Torino, Einaudi, 1975, terzo volume, p. 1561.

considerar como “programa”. Esas forzas acostuman confundir o programa de acción cun programa electoral que conteña unha serie de medidas que servirán para guiar a acción no goberno en caso de acadalo por maioría absoluta. Ou, no seu defecto, que sirva para negociar con outras forzas a entrada en minoría nun goberno presidido por outra forza política.

Ao meu modo de ver, esta concepción do programa contén debilidades notorias.

A primeira e principal desas debilidades consiste no seu carácter utópico, por inaplicable se un se atén ao medio que se pensa utilizar. Acostúmanse prometer cousas que se sabe que non se poden cumprir se non é mudando en profundidade as relacións sociais de produción e reprodución da vida. Por exemplo: o pleno emprego. A ningunha destas forzas lles interesa examinar a coherencia desta promesa cunha realidade evidente: o keynesianismo xa non volverá. Outro exemplo, a promesa do relanzamento do consumo, que é contradictorio co final próximo da civilización do petróleo e co colapso dos principais equilibrios ecolóxicos que permiten a subsistencia da vida humana sobre o planeta.

Ningún deses programas electorais proporá a vida boa, é dicir, a ruptura coa estrutura de necesidades artificiais que se atopan na base da antroploxía e da economía política do capitalismo. Por dicilo coa linguaxe republicana europea, ningún destes programas considera pertinente propor a felicidade común, é dicir, a adecuación das necesidades humanas aos principios da liberdade e da igualdade. Entre outras cousas non o proporán porque construír un ethos novo parécelles tarefa ardua, longa e difícil. Incompatible coas súas presas por gobernar.

A felicidade común é tarefa correspondente á tripla crise que padecen os nosos pobos: económica, ecolóxica e de réxime político. Pero ten un inconveniente: non é tarefa de goberno nin de enxeñaría social a realizar por parte de elite política ningunha. A vida boa, a

felicidade común ou son unha tarefa que se auto propoña o pobo soberano ou non son nada. A emancipación dos traballadores debe ser obra dos propios traballadores, dicían uns vellos filósofos anteriores á pos modernidade.

Quero lembrar que o programa entendido como programa electoral (por moi utópico ou demagóxico, radical ou verbalmente anticapitalista que sexa) supón unha ruptura radical coa tradición inaugurada por un célebre programa que viu a luz en febreiro de 1848. Unha tradición que entende o programa como análise concreto da situación concreta e como crítica da realidade actual. Unha crítica e unha análise da que se desprenden unhas hipóteses de intervención, o que se pode chamar un programa de acción.

Quero entender que a intención de fondo deste fórum consiste precisamente nisto: en interrogarse sobre a actual fase de desenvolvemento da crise capitalista, sobre a relación de forzas en presenza e sobre a fase de loita de clases en curso, para extraer un programa de acción das forzas democráticas e comunistas. Se se trata disto, benvido sexa o debate e, a ser posible, benvidas sexan as conclusións de traballo que se vaian extraendo do mesmo.

Deixádeme, porén, sinalar outra cautela á hora de elaborar programas, aínda que sexan programas de acción e de loita. Unha cautela que se acostuma esquecer.

Para ilustrar o que digo pódese lembrar que, ademais da xa sinalada auto limitación programática do Manifesto comunista<sup>2</sup>, debemos engadir a actitude de Marx en 1866, á hora de contribuír á elaboración do programa da AIT: “Limiteime intencionadamente aos puntos que fan posible un acordo inmediato para a acción conxunta dos obreiros e que poden satisfacer directamente as necesidades da loita

---

2. Karl Marx, Federico Engels, *Manifiesto do partido comunista* (febreiro 1848), din simplemente: “Os comunistas apoian por toda parte todo movemento revolucionario contra o réxime social e político existente”. *Obras Escogidas de Marx y Engels en tres tomos*, Moscú, Editorial Progreso, 1973, Tomo 1º, p. 140.

de clases e fomentar a organización dos obreiros en clase<sup>3</sup>. Outro exemplo de realismo programático deuno Lenin e o II Congreso dos Soviets o día 8 de novembro de 1917 defendendo ante o II congreso dos soviets de deputados obreiros e soldados de toda Rusia: “Confiamos en que os propios labregos saberán mellor ca nós resolver o problema con acerto, como é debido. O esencial non é que o fagan de acordo co noso programa ou co dos eseristas. O esencial é o que o campesiñado teña a firme seguridade de que deixaron de existir os terratenentes, que os labregos resolvan eles mesmos todos os problemas e organicen a súa propia vida<sup>4</sup>”.

Vemos pois que a idea de Gramsci de que o programa só pode xurdir dramaticamente da acción das amplas masas ten ilustres precedentes e é, ademais, unha idea potente e actual.

Tomadas estas cautelas, introdúzome na discusión do documento que se nos propón.

---

3. Karl Marx, *Carta a Ludwig Kugelmann de 9 de octubre de 1866*, Ob.cit. Tomo 2º, pp. 440-441.

4. V.I. Lenin, *Discurso de resumo da discusión do informe sobre a paz do 26 de outubro (8 de noviembre de 1917)*, Obras Completas, Moscu, Editorial Progreso, 1986, Tomo 35, pp. 27-28



## **A nova xeopolítica europea: a reconquista do Lebensraum alemán e as súas consecuencias.**

O documento da Rete dei comunisti menciona a cuestión do imperialismo alemán. Ao meu modo de ver, esa mención debe ser desenvolvida máis a fondo para conseguir caracterizar a súa dimensión real e extraer as consecuencias políticas oportunas. Paréceme que a recuperación por parte de Alemaña da hexemonía no conxunto da xeopolítica europea é un centro de anoamento do conxunto de contradicións presentes e operantes nese marco de loita de clases que se chama Europa.

Na orixe da Unión Europea atópase un acordo entre as burguesías imperialistas francesa dun lado e alemá por outro. Un acordo expresado polos “pais fundadores” en torno a unha idea que producía e produce consenso en Europa: que nunca máis se volveran producir no territorio europeo as condicións que levaron a dúas guerras mundiais.

Na base deste acordo inter imperialista esta a derrota das principais pretensións territoriais e de dominio expresadas polos autores dun-

ha nova “ciencia” aparecida a finais do século XIX e desenvolvida nas dúas primeiras décadas do século XX, a xeopolítica alemá. Non esquezamos que a xeopolítica foi creada e difundida como “ciencia” polo Alto Estado Maior da Wermacht tras os tratados de Versalles que destruíron o imperio austro-húngaro e que modificaron tantas fronteiras europeas en detrimento de Alemaña e de Austria. É preciso lembrar que a creación e desenvolvemento da xeopolítica é anterior á súa asunción e aplicación radical por parte do nazismo. As pretensións territoriais e a loita pola hexemonía sobre o espazo europeo todo non poden ser imputadas á “loucura” ou ao desvarío duns tolos extremistas.

Karl Polanyi advertiunos no seu día de que: “Se existiu algunha vez un movemento político que respondese ás necesidades dunha situación obxectiva, en vez de ser a consecuencia de causas fortuítas, ese foi o fascismo<sup>5</sup>”. Quero sinalar que coa xeopolítica atopámonos ante unha ideoloxía orgánica cos proxectos e as necesidades da gran burguesía industrial e financeira alemás. Uns proxectos que están detrás das maiores carnizarías da historia humana e da máis horrible reedición do traballo escravo a grande escala no ámbito capitalista da época moderna en territorio europeo.

Unha das obras máis significativas no universo da xeopolítica alemá foi *Grenzen* (fronteiras), de Klaus Haushofer (1927, segunda edición, 1938). A crítica aos tratados de Versalles (1919) era desenvolvida por Haushofer propoñendo outro concepto de fronteira, alén das fronteiras políticas, que son froito sempre dun acordo internacional e dunha determinada correlación de forzas económico-militares. Haushofer discutía esas fronteiras ampliando o concepto de fronteira a áreas de carácter cultural-racial: fronteiras relixiosas, idiomáticas, de indumentaria, uso do calendario gregoriano ou non, o do alfabeto latino ou cirílico, a extensión do tipo de casa de tipo franconio, etc. Tratábase de conseguir definir un concepto de fronteira natural para confrontalo á “artificialidade” das fronteiras de Versalles. A “ciencia”

---

5. K. Polanyi, *La gran transformación, Crítica del liberalismo económico*, Madrid, Ediciones La Piqueta, 1997, p. 371.

xeopolítica e o seu desenvolvemento estaban claramente ao servizo dun determinado programa: a suxeición colonial de toda a Mittleuropa e a saída da área xermana ao Mediterráneo.

As súa concepción retrotráenos á vella polémica sobre as fronteiras naturais de Francia. Neste caso, para os ideólogos do imperialismo de Luís XIV até Brissot, as fronteiras “naturais” do estado borbónico francés estaban determinadas por accidentes xeográficos: o Atlántico, os Pirineos, os Alpes, o Rin. Pouco importaban as linguas ou culturas existentes nese espazo a conquistar, ese era o espazo que correspondía ao imperio francés. Para Klaus Haushofer polo contrario, tratábase de determinar o espazo que correspondía ao pobo alemán usando, non os accidentes xeográficos naturais senón elementos que corresponderían á súa “cultura nacional”.

Outras xeopolíticas fascistas neste caso subalternas da xeopolítica do imperialismo alemán foron desenvolvidas tanto en Italia como en España. En España desenvolveu esa doutrina o historiador Jaime Vicens Vives. Na súa obra “España. Xeopolítica do estado e do Imperio” (1940, resume a concepción da xeopolítica de Haushofer: “...é a ciencia do sangue e do chan, na mesma orde de precedencia, en cuxas consideracións xerais e sempre dinámicas, sobre o desenvolvemento das unidades e dos espazos xeopolíticos non só interveñen factores xeográficos, senón ademais, de estrutura racial, os movementos migratorios, as clases sociais, o hábitat, a densidade de poboación, a economía privada e o comercio, as comunicacións internacionais; en resumo, a escala completa das ciencias do home como base dun edificio xeral xeopolítico. Polo tanto, segundo dito autor, a xeopolítica ensina como crecerá un estado-pobo ideal até lograr o seu desenvolvemento vital máximo, e como é necesario que se organice para lograr o seu máximo desenvolvemento en beneficio propio e, logo, da súa cooperación na cultura da humanidade<sup>6</sup>”.

---

6. Jaime Vicens Vives, *España, geopolítica del estado y del Imperio*, Barcelona, editorial Yunque, 1940. Fixen un resumo sobre o conxunto da obra xeopolítica de de JVV nun traballo aínda inédito: *La geopolítica i el projecte de país de Jaime Vicens Vives* (1993), en catalán, redactado coetanemente coa recomposición da situación

No debate xeopolítico desenvolvido nas altas esferas do réxime poliárquico nazi dilucidábanse os destinos do enteiro continente arredor de tres conceptos claves: Lebensraum (espazo vital), a creación dun Neuordnung europeo (Nova Orde europea) ou a Großraumwirtschaft (economía do grande espazo). Os matices entre as diversas escolas económicas e xeopolíticas que convivían e competían no réxime nazi tiñan como punto común a defensa dos intereses xeopolíticos do grande capital financeiro e industrial alemán. Paolo Fonzi definiu estes matices do seguinte modo:

“O Großraum era presentado como equivalente ao concepto de Lebensraum, pero ollándoo ben, a formulación inicial deste último, dada por Hitler no Mein Kampf, implicaba a expansión dos confíns estatais, mentres que a idea de grande espazo, aínda non excluindo a conquista de territorios como solución dos problemas económicos, prevía a integración de diversas economías formalmente independentes. A ambigüidade é evidente se se considera a tentativa de algúns economistas contemporáneos de definir Europa non co concepto de Großraum, senón como Lebensraumgemeinschaft, “comunidade de espazos vitais”. Segundo este concepto cada estado debía considerarse o espazo vital dos propios habitantes, o que naturalmente quedaba excluído na versión hitleriana do Lebensraum, que implicaba a loita entre pobos pola supervivencia<sup>7</sup>”.

---

europea tras a implosión do “socialismo” real e a anexión da RDA por parte da RFA.

7. “Il Großraum era presentato come equivalente del concetto di Lebensraum, ma a ben guardare la formulazione ufficiale di quest’ultimo, data da Hitler nel Mein Kampf, implicava l’espansione dei confini statuali, mentre l’idea di grande spazio, pur non escludendo la conquista di territori come soluzione dei problemi economici, prevedeva l’integrazione di diverse economie formalmente indipendenti. L’ambiguità appare evidente se si considera il tentativo di alcuni economisti coevi di definire l’Europa non con il concetto di Großraum, quanto come Lebensraumgemeinschaft, “comunità di spazi vitali”. Secondo questo concetto ogni stato era da considerarsi spazio vitale dei propri confinanti, ciò che naturalmente era escluso nella versione hitleriana del Lebensraum, che implicava la lotta tra popoli per la sopravvivenza”. Paolo Fonzi, *Nazional-socialismo e Nuovo ordine europeo. La discussione sulla Großraumwirtschaft in Germania durante la seconda guerra mondiale. Studi Storici, Anno 45, No. 2 (Apr. - Jun., 2004), pp. 313-365.*

Giorgio Gattei e Paolo Fonzi demostraron recentemente que o grande capital alemán barallou unha alternativa á ocupación de todo o espazo europeo: a creación dun espazo único europeo (Lebensraumgemeinschaft) cuxo principal instrumento sería a creación dunha moeda única<sup>8</sup>.

O desenvolvemento dos acontecementos significou o trunfo do concepto de Lebensraum de Hitler. Os resultados foron catastróficos para toda Europa pero tamén para os proxectos expansivos do grande capital alemán, que resultaron clamorosamente derrotados en 1945. O resultado do compulsivo intento de conquista militar territorial de Europa non puido ser peor para o grande capital alemán e para o propio capitalismo como sistema. Lonxe da agarda destrución da URSS e da ocupación do Lebensraum necesario ao capital alemán, o exército vermello chegara até o río Elba, a liberación de Mittleuropa e dos Balcáns por parte do exército vermello e o inicio esperanzador da construción das democracias populares abriron unha nova fase de loita de clases internacional. A liberación de Iugoslavia fora dos acordos de Ialta e Postdam e o intento de Grecia, engadíronse a ese panorama.

A nova tarefa prioritaria do imperialismo francés e dos anglosaxóns a partir de 1945 pasou a ser a contención da URSS e do comunismo, tarefa complementaria e paralela coa reconstrución das inmensas masas de capital fixo e humano destruídas durante a contenda. O gran pacto social de 1945 foi froito dunha nova correlación de forzas xeopolíticas. Podemos resumir ese pacto social de dimensións europeas como unha xigantesca e transnacional revolución pasiva desenvolvida no conxunto do territorio de Europa occidental. Poderíamos

---

8. Paolo Fonzi, *La moneta nel grande spazio, Il progetto nazional-socialista di integrazione monetaria europea, 1939-1945*, Milano, Edizioni Unicopoli, 2011. Durante o fórum produciuse unha interesante intervención de Giorgio Gattei profesor de Historia Económica da Universidade de Bolonia arredor da cuestión dos proxectos da Alemaña nazi en torno á creación dunha moeda única para o Großraum de enorme interés: <http://www.youtube.com/watch?v=d8p3qpqsc-Q>. Véase tamén, un debate sobre esta cuestión entre Fonzi y Gattei en <http://www.youtube.com/watch?v=D-aYboeRcIk>

resumilo coa seguinte expresión: estado do benestar a cambio da renuncia á revolución democrático popular.

Naturalmente, como toda frase que tente resumir un proceso moi complexo, trátase dunha redución. A realidade era máis complexa. Todo un sistema de valores, unha cultura enteira foi construída arredor das grandes conquistas sociais de 1945. Constitucións como a francesa de 1946 e a aínda máis avanzada italiana de 1948 nas que se recuperaba o discurso dos dereitos do home e do cidadán, foron adoptadas de xeito máis ou menos consensuado. A propia declaración dos dereitos do home de 1948 formaba parte deste proceso, cuxos aspectos progresivos foron truncados pola guerra fría. Pero alén das constitucións xurídicas e das declaracións da ONU, o que importaba realmente era a constitución material desas sociedades de capitalismo desenvolvido, é dicir, a cultura, a produción e a reprodución da sociedade. Aspectos que ían a coñecer uns desenvolvementos inesperados.

A financiación de todo o proxecto correu a cargo do European Recovery Program (ERP) máis coñecido como Plan Marshall. En total, entre 1948 e 1951, os USA verteron na parte occidental de Europa 12.700 millóns de dólares. As condicións políticas do plan eran claras: expulsar aos comunistas dos gobernos occidentais, impulsar a construción da Unión Europea (como factor de integración de Alemaña occidental no mundo occidental), a creación da OEECE, logo da CEEA en 1951 e, en 1957 da CEE.

Tras 1945 e, sobre todo, tras o estoupido da guerra fría, non era aconsellable tratar a Alemaña do mesmo modo que cos Tratados de Versalles. As tres porcións de territorio alemán ocupadas por franceses, ingleses e norteamericanos debían unirse para constituíren, nun primeiro momento, unha marca fronteiriza fronte o comunismo. O 23 de maio de 1949 creouse a RFA. A RDA creouse só tras a declarada intención das potencias occidentais de dividir Alemaña. O segundo obxectivo dos USA era tamén consolidar a súa presenza en Europa como medio de dominación do continente<sup>9</sup>.

---

9. Esa é a opinión de Josep Fontana, *Por el bien del imperio, Historia del mundo desde 1945*, Barcelona, Pasado & Presente, 2011, p. 84.

Para construír tal baluarte era precisa unha flexibilización inicial extraordinaria. Mentres a URSS impuxo ao derrotado estado alemán un duro programa de exaccións polos danos da guerra, os USA non trataron dese xeito ao seu satélite. Á marxe dos beneficios do Plan Marshall, o 24 de agosto de 1953 21 países asinaron en Londres un tratado internacional mediante o cal reducíase a derrota alemá nun 50%, pasando de 23000 millóns a 11.500 millóns de dólares. A RFA foi salvada dese xeito da bancarrota<sup>10</sup>. O outro 50% debería ser pagado tras unha hipotética reunificación. Pero Kolh negouse en 1990 a pagala e foille perdoada. De novo Alemaña foi salvada da bancarrota. Alén desa financiación, Alemaña non debía ser tratada como unha potencia vencida. A RFA deveu nun dos eixes da reconstrución europea occidental. Así, no discurso oficial, a RFA pasou a ser “Alemaña” e a RDA pasou a designar aos landers ocupados polo exército soviético.

Entre 1945 e 1989, o derrotado imperialismo debeu consensuar, disputar e negociar con outras potencias europeas o incremento progresivo do seu rol hexemónico en Europa durante o longo período da creación da UE. Trátase dunha longa marcha de máis de sesenta anos cuxa parábola está aínda lonxe de ter rematado. Durante os primeiros 35/40 anos a RFA tivo que negociar o seu espazo de poder con, sobre todo, Francia. O imperialismo alemán estaba suxeito, contido, embridado. Pero esta situación de contención do imperialismo alemán mudou radicalmente coa caída do muro de Berlín, coa unidade monetaria alemá e coa anexión da RDA e a RFA chamada unificación<sup>11</sup>. E, despois, coa sucesiva ampliación da UE cara o leste e o establecemento da unidade monetaria.

---

10. Nel 1953 e nel 1990 la Germania venne “graziata” con enormi cancellazioni di debiti dal resto d’Europa. <http://scenarieconomici.it/nel-1953-e-nel-1990-la-germania-venne-graziata-con-enormi-cancellazioni-di-debiti-dal-resto-deuropa/>

11. Convén rexeitar o uso mentiroso do termo unificación alemá, tratouse dunha anexión de carácter colonial, aínda que mostrase o rostro paradoxal do consenso da maioría da poboación. A fin e ao cabo, o Anschluss de Austria en 1938 tamén contou coa aquiescencia dunha maioría da poboación. Chamar unificación a ese proceso significa xa un primeiro paso para a rendición na loita cultural.

A negación do carácter de estado soberano e legal da RDA e a súa orde xurídica permitiu a partir de 1990 a desmontaxe do estado da RDA, a súa incorporación á RFA entendida como o único estado alemán, a derogación de toda a súa orde xurídica, a privatización completa dos bens do pobo (“dos bens comúns”), a súa compra fraudulenta a prezos de escándalo por empresas do oeste, a destrución de inxentes cantidades de capital fixo industrial competitivo e a desvalorización do capital humano, xa sexa pola brutal rebaixa salarial e polo crecemento vertixinoso do paro e da precariedade, así como pola purga e a caza de bruxas do persoal das empresas públicas de investigación, todo o mundo universitario ou os restos do estado que foron ocupados de xeito colonial por funcionarios procedentes do leste. Ese proceso pode ser resumido como a privatización a baixo custo do capital fixo valioso e a socialización das perdas mediante o uso de axencias tecnocráticas que funcionan á marxe dos parlamentos. No caso de Treuhand, a empresa que privatizou a enteira economía da RDA, a súa documentación quedou arquivada e só poderá ser coñecida no ano 2050. Non en van comparouse a anexión da RDA cunha auténtica ocupación colonial<sup>12</sup>.

Vladimiro Giaché mostrou a vinculación estreita da experiencia da anexión da RDA co proceso de neocolonización da Europa meridional e oriental que se agacha tras a construción da Unión Europea<sup>13</sup>. En resumo, Alemaña, nun longo e traballoso proceso que durou máis de sesenta anos recuperou a centralidade xeopolítica (e xeoconómica) perdida en 1945. Alemaña é o novo centro imperialista hexemónico nunha área xeográfica ocupada polos 28 países membros e por cinco países candidatos.

A anexión da RDA supuxo un novo e determinante impulso ao subseguinte proceso de unificación europea baixo a hexemonía xermánica. Aínda que a ligazón entre ambos feitos pasara, en ocasións por fases contraditorias, sobre todo nos períodos iniciais da unificación

---

12. Vladimiro Giaché, *Anschluss. L'annessione. L'unificazione della Germania e il futuro dell'Europa*. Reggio Emilia, Imprimatur editore, 2013.

13. Vladimiro Giaché, ob. Cit., 301 p.



alemá, a ligazón entre ambos 22 anos despois da anexión da RDA é evidente.

O vínculo monetario precedeu á absorción política. A unión monetaria, o euro está a actuar do mesmo modo co resto de Europa. A Unión Europea e o euro, lonxe de seren, como afirma a maior parte da esquerda europea, unha construción incompleta é un mecanismo adecuado ás necesidades e obxectivos de quen a deseñaron e para a liquidación do que quedaba de soberanía dos distintos estados. O seu obxectivo non é crear unha nova soberanía do pobo europeo, un pobo que está lonxe de terse constituído como soberano. Polo contrario, trátase dunha superestrutura que permite gobernar toda a área europea someténdoa a un auténtico estado de excepción.

Tras 1989, a liquidación da correlación de forzas de 1945 conlevou á liquidación non só da posibilidade de reformar o socialismo real, senón tamén, a liquidación do Estado do benestar, dos sistemas políticos liberal-representativos e dos restos das Constitucións avanzadas. Como dixera Dante ante a entrada do inferno: lasciate ogni speranza, voi ch'entrate. Os bos vellos tempos do keynesianismo e do estado do benestar non volverán. As vellas constitucións liberal-democráticas, despois de anos de seren vulneradas, non volverán. Porque o 45 non volverá.

É por iso que o problema que discutimos está lonxe de ser un problema de simple técnica monetaria. Non é certo que saír do euro sexa un desastre peor que o que padecemos os países meridionais co euro. Pode selo para a oligarquía bancaria, pode selo para determinados sectores da burguesía dos servizos. De ningunha maneira pode a situación ser peor para o pobo. Non é certo que non se poida saír do euro aínda que os mecanismos legais da UE non o permitan. Dende cando a lexislación vixente foi un impedimento para as revolucións democráticas?

A tarefa que pasa a primeiro plano consiste, en cada estado membro na recuperación da soberanía nacional fronte á liquidación da

mesma por parte da UE. Tamén o é para os pobos contidos nestes estados. Aqueles pobos ou nacións sen estado que consideren que chegou o momento de desenganchárense dos meridionais do seu propio estado para crear, como se di en Catalunya un estado propio dentro da UE apresúranse a converterse en novas colonias, máis débiles aínda, do centro imperialista alemán. A experiencia neocolonial de Eslovenia, Eslovaquia ou de Croacia, de Letonia, Lituania ou Romanía deberan ser suficientes para darse de conta de que dentro da UE non hai soberanía nacional posible. De que dentro da UE, os estados nacionais son, cada vez máis, simples estruturas xurídico represivas ao servizo dos mecanismos de intercambio e desenvolvemento desigual. Simples estados cipaio do imperio alemán. Miguel Herrero y Rodríguez de Miñón caracterizou esta situación en 1997 cunha metáfora eficaz: a síndrome de Vichy<sup>14</sup>.

A recuperación da soberanía nacional por parte dos pobos sen estado de Europa, teñan ou non actualmente estado propio, non pasa por independencias débiles e subxugadas á potencia imperial. Os pobos da periferia deben saber federar e confederar as súas loitas pola soberanía nacional. Como sinala xustamente o documento da Rete dei Comunisti, a recuperación da soberanía pasa pola saída da Unión Europea, pola creación de instrumentos propios de soberanía económica e pola creación de formas de cooperación económica entre os países PIGE e pola creación de formas monetarias supranacionais que resistan o ataque do imperialismo económico noreuropeo con garantías de éxito.

---

14. Miguel Herrero y Rodríguez de Miñón, *El síndrome de Vichy*, El País, 10 de junio de 1997, [http://elpais.com/diario/1997/06/10/opinion/865893604\\_850215.html](http://elpais.com/diario/1997/06/10/opinion/865893604_850215.html)

## **Pero, é posible a creación dun bloque histórico dos países do Mezzogiorno europeo?**

A alternativa que nos propón a Rete dei Comunisti cuxa discusión nos trouxo a este fórum é un programa de saída simultánea dos países PIGS (Portugal, Italia, Grecia, España) da Unión Europea e do euro. Simultaneamente estes países deberan crear unha moeda común, nacionalizar a banca, reestruturar a súa débeda e facer unha quita xigantesca da mesma. O modelo inspírase na experiencia dos países latinoamericanos que, colaboran entre eles no seo do ALBA. Sinalemos de entrada que os países do ALBA non instituíron unha moeda común.

A simultaneidade do proceso de saída, dise no documento, é esencial para evitar unha descapitalización do conxunto dos países que podería significar a parálise de toda a economía da zona. A xeración desta nova área económica, independente do dominio imperial alemán, podería asegurar unha división internacional do traballo xusta, economía de escala e posibilidades de cooperación até o de agora inexploradas. Trátase dunha alternativa correcta que daría perspectivas reais de desenvolvemento social aos nosos pobos. Porén, as cousas non son tan fáciles.

A proposta da Rete aparece como unha proposta que dá resposta aos interrogantes suscitados pola alternativa chamada a saír do euro. Porén ten, hoxe por hoxe pouca correlación de forzas ao seu favor. A posibilidade de chegar a concertar un programa de acción como o bosquejado no documento da Rete, un programa multinacional, a poñer sobre o taboleiro de catro estados diferentes é, a primeira vista, complicada. As forzas da esquerda europea non están por ese labor. Prefiren zarrapicar na retórica demagóxica e utópica: reformar a UE, construír unha Europa fraternal, non pagar a débeda... e via dicendo. Os resultados das próximas eleccións europeas porán ese cretinismo europeísta no seu lugar. Desgrazadamente será, de novo, tarde de máis<sup>15</sup>.

Un programa como o bosquejado pola Rete para poder avanzar debería devir sentido común dos máis amplos movementos sociais do conxunto da esquerda social dos catro países. É máis, como dicía ao inicio da intervención, lembrando unha pasaxe de Antonio Gramsci, o programa, para converterse en forza material, para ser o programa do pobo debe xurdir dramaticamente da experiencia da súa loita. Non pode ser, simplemente, unha lista máis ou menos arbitraria de medidas xurdidas da análise feita por especialistas da política e da economía.

Chámasenos pois a discutir sobre a construción dun bloque histórico dos países do mezzogiorno europeo tratando de superar, dise no documento, a fase en que se entendía o bloque histórico máis ben coma un bloque social das loitas económico-corporativas, das loitas para a defensa das condicións de vida e de traballo.

“É obvio que tal proposta de crible devén realizable concretamente, relanzando o protagonismo das loitas dos traballadores europeos, restablecendo a supremacía da política sobre a economía, transfor-

---

15. A previsión sobre a pobreza programática do congreso da Esquerda Europea contida na miña intervención viuse, desgraciadamente, confirmada polas resolucións do IV Congreso da esquerda europea celebrado en Madrid os días 13 e 14 de decembro de 2013.

mando así a crise do Polo Europeo nunha forte reactivación da iniciativa do sindicalismo independente de clase; así tamén nos procesos de loita sobre obxectivos tácticos (redución do horario de traballo, traballo con salario completo e plenos dereitos, rédito social, política de vivenda pública, taxación do capital, etc.) vanse acumulando forzas no conflito social e sedimentando organizacións de clase a partir de loitas reivindicativas para reformas estruturais<sup>16</sup>.

Pero para a realización desta perspectiva transnacional haberá que ir alén desa acumulación de forzas procedentes. É preciso algo máis ca un relanzamento do sindicalismo de clase. Un sindicalismo de clase que, non creo que discrepemos niso, atópase nos nosos países nunha fase máis ben defensiva. Polo menos en España. Non direi tanto para Grecia ou para Italia ou Portugal, aínda que a maior parte das loitas que coñecemos deses países atópanse, a pesar da súa radicalización, aínda nunha fase defensiva.

Para se propor un programa como o bosquejado, o movemento social, a clase obreira e os seus aliados deben superar a fase defensiva para chegar á fase superior da autoconsciencia de clase, á fase na que como clase, se propoñen á construción de alianzas sociais e políticas capaces de crear un bloque histórico.

A condición necesaria, imprescindible, da hexemonía é que a clase fundamental que a exerce sexa capaz de formularse sacrificios en función de tecer as alianzas necesarias para o obxectivo<sup>17</sup>. Sen acadar o que Gramsci denomina fase ético-política non é posible falar de construír ningún bloque histórico.

Esa autoconsciencia dos fins últimos, esa capacidade de tecer alianzas mesmo a costa de sacrificios foi sempre difícil de conseguir mesmo en etapas de revolución social profunda. Dese déficit de autocons-

---

16. Rete dei Comunisti, Fóra da zona euro. Unha proposta para o cambio. Fórum Euro mediterráneo, Roma 30 Novembro – 1 Decembro 2013, p.

17. Antonio Gramsci, *Lettera al comitato centrale del partito comunista bolscevico*, ottobre 1926, in *Scritti rivoluzionari dal Biennio Rosso al congresso di Lione*, Camerano, Gwinplaine, 2008., p. 390.

ciencia que permitise desenvolver un rol hexemónico desprendéronse algúns dos defectos e erros das experiencias de construción do socialismo do século XX e en definitiva a paralización progresiva do seu impulso revolucionario mundial e a súa implosión final.

Antonio Gramsci tentou sinalar as vías para superar as limitacións do corporativismo obreiro do norte con respecto ás masas labregas do sur, nas súas notas sobre a cuestión meridional, no marco do que sería o estudo do bloque histórico que dominaba en Italia a comezos do século XX. Hoxe, en España os habitantes dalgúns territorios consideran que a solución aos gravísimos problemas que padecen pasa por separárense do vello estado nacional borbónico para negociar un estatus de relación co centro imperialista alemán privilexiado co respecto ao resto dos pobos que malviven dentro da coroa de España. A proposta de independencia de Catalunya goza dun grande consenso social nese territorio grazas ao espellismo de que sexa posible, mediante a creación dun novo Estado na Unión Europea, ser tratado coma un país centro, afastándose dese modo das miserias do intercambio desigual e do empobrecemento progresivo da periferia<sup>18</sup>.

É algo lóxico: o corporativismo territorial é a primeira reacción de amplas masas de clases medias en proceso de proletarización e de traballadores ameazados polo paro, empobrecemento e desaparición dun futuro para os seus fillos. O ascensor social non só parou senón que iniciou un descenso cuxo fun non si adiviña. O medo á pobreza, á inseguridade, á precarización máis absoluta estimula o corporativismo territorial, a procura da solución individual ou de grupo, o sálvese quen poida. O medo ao afundimento no mundo mediterráneo, considerado globalmente como espazo da subalternidade, do

---

18. Por suposto non me refiro á boa fe coa cal comunistas independentistas cataláns apoian o proceso aberto pola burguesía catalá, coa esperanza de que do mesmo se inicie un proceso de revolución social. Refírome ao difuso sentimento popular, maioritario nos sectores de clase media e populares cataláns, de que saíndo de España e quedando no euro e na UE, o seu futuro e o dos seus fillos mellorarán, e que dese xeito o pobo catalán recuperará a súa soberanía.

subdesenvolvemento, da desigualdade, da pobreza, da inferioridade racial, presiden as actuais reaccións de sectores importantes das nosas sociedades. A Unión Europea e o euro estimularon ese corporativismo territorial no seo dos vellos estados nacionais en declive. Es el divide et impera dos latinos.

Estes fenómenos estarán vixentes durante un certo tempo. Sobre todo en ausencia dunha esquerda social e política que sinale a orixe dos problemas, que combata a miseria, o paro, os peches de empresas, que sinale o verdadeiro inimigo, que non son os “nugalláns” do sur, senón o imperialismo alemán e a súa arma de destrución masiva de dereitos, o euro. Dunha esquerda que dea a batalla contra a ideoloxía “europeísta”, do “progresismo” vencellado á UE e ao euro.

Se xa era difícil de por si facer converxer as loitas dos diversos pobos no mesmo marco estatal de loita de clases, aínda máis difícil vai resultar facer converxer ao conxunto dos pobos do mezzogiorno europeo, separados por fronteiras políticas, por idiomas e culturas que compiten economicamente pola venda de servizos (turismo) e de produtos do sector primario aos países do centro, ou que compiten no interior de grupos industriais multinacionais do automóbil ou da construción ferroviaria por exemplo para solicitar que os diversos modelos se produzan na súa planta e non na doutro país. E esa competencia interna da clase obreira prodúcese sempre por condicións salariais, de horario anual de traballo ou simplemente contractuais. E iso, se que, hoxe por hoxe, haxa iniciativas sindicais operantes a nivel internacional que logren modificar esa dinámica de subasta á baixa das condicións de traballo.

Alén da competencia interna entre a clase obreira, poden darse outras competencias entre outros sectores da produción e entre outras clases sociais como a dos labregos ou a pequena e mediana industria, todos eles sectores potencialmente aliados da clase obreira pero que no actual contexto de supeditación ao centro imperialista e de competencia entre os diversos destacamentos nacionais destas clases, desenvolvan e desenvolverán durante un tempo reaccións eco-

nómico-corporativas fronte a competencia dos seus compañeiros de clase doutros países periféricos. Todo en conxunto permite prever un incremento das reaccións chauvinistas e reaccionarias.

Todo mostra a necesidade da creación de organizacións políticas, sindicais e sociais do ámbito do Mezzogiorno europeo para poder poñer en marcha a xusta proposta do documento da Rete dei Comunisti. Porén, sabemos que a creación desas forzas non é simplemente cuestión de voluntarismo ou de iluminación de minorías. Porén, é condición necesaria aínda que non suficiente da construción dese novo bloque histórico dos países do Mezzogiorno europeo pola recuperación da democracia, da soberanía nacional e do desenvolvemento social e ecoloxicamente xustos.

Até o presente, os bloques históricos realmente operantes na historia, construíronse ao longo de procesos históricos de longo percorrido dentro das fronteiras dos estados nacionais xurdidos durante a modernidade. Uns estados nacionais que foron construídos de maneira paralela á constitución material de ditos estados. Convén que empreguemos unha concepción ampla do estado, non limitada ao aparato burocrático-represivo, ao simple consello de administración dos asuntos da burguesía. As cousas mudaron moito dende que Marx sinalara este aspecto do Estado, un aspecto que non deixou de ser operante, pero que se recubriu doutros moitos elementos que ampliaron a súa función. Se queremos comprender e usar adecuadamente a expresión bloque histórico, non podemos facelo sen ter unha comprensión do estado como “estado integral” ao modo como o facía Antonio Gramsci.

Nos sesenta anos transcorridos dende os primeiros pasos da Unión Europea están tratando de construír, nun complexísimo proceso social de longa duración, un novo bloque histórico no conxunto do espazo europeo. Neste bloque histórico, a burguesía hexemónica é, actualmente, a burguesía alemá industrial e financeira, en pactos complexos coa francesa e con aliados nas burguesías dos pequenos países máis desenvolvidos (Bélxica, Holanda, Dinamarca). Podemos



afirmar que a oligarquía alemá recuperou o seu vello proxecto de Lebensraumgemeinschaft.

Os instrumentos utilizados para conseguir esta hexemonía son: no xurídico-institucional, a Unión Europea e o tratado de Lisboa; na política económica, o mercantilismo; na política monetaria, o euro; na división territorial entre centro e periferia, forzando unha división internacional do traballo favorable aos países periféricos; na dominación ideolóxica, o fundamentalismo neoliberal.

Pola súa banda, as burguesías dos países periféricos e do sur atópanse supeditadas aos proxectos da burguesía alemá. Tratan de conseguir pactos de trato preferente, de asegurar o seu espazo vital na división internacional do traballo que lles impón o centro. Ou mellor, tratar de asegurar a súa salvación en medio do naufraxio xeral. Manuel Monereo falou recentemente dun “Vichy global”<sup>19</sup>. Unha tarefa urxente de análise levántase ante os marxistas: investigar a trama e a urdime deste permanente tecer e destecer de alianzas e subordinacións entre diversas faccións do capital europeo. Neste contexto, deberíamos poder analizar a realidade subxacente na actual loita de sectores do gran capital catalán por mellorar a súa posición e autonomía respecto doutras faccións do capitalismo español.

Neste contexto, os vellos estados nacionais experimentan o declive da súa capacidade de representar as soberanías dos pobos, a inanidade crecente do seu traballo lexislativo, mesmo da súa capacidade de gobernar e de decidir sobre os seus orzamentos nacionais, sobre os ingresos e os gastos. Un estado de excepción a nivel europeo, unha auténtica ditadura de clase, determina a lexislación realmente operativa, as medidas de goberno, a política económica e social do conxunto do territorio europeo. Os vellos estados nacionais vense reducidos á súa función de “porteiros de noite” ou, para lembrar a vella retórica antiimperialista, exercen, simplemente, como estados

---

19. Manolo Monereo, *Por una oposición para la Alternativa. La crisis de la Europa del euro y las elecciones de la izquierda*. El Viejo Topo, setembro, 2013. <http://www.elviejotopo.com/web/revistas.php?numRevista=308>

cipaios, que administran o seu territorio segundo as políticas decididas na metrópole. A verdadeira soberanía, o poder lexislativo e executivo atópase xa non neses estados, senón nos grandes oligopolios alemáns do seu bloque de poder. Un bloque que se unifica a través de insitucións para-estatales como son a Comisión europea e o BCE. O réxime de excepción que fai entrar en crise rexímenes, estados e gobernos é un poder de clase cruel: o vello Déspota ilustrado que procuraban os fisiócratas encarnouse dunha forma terrible<sup>20</sup>.

Pero as mentalidades populares sempre van con retraso en relación cos cambios de carácter orgánico, respecto ás reestructuracións que impulsa o capitalismo. A defensa da soberanía dos vellos estados nacionais ou a creación doutros novos estados supostamente tan independentes como os vellos estados constitúen os escenarios máis cribles en que se vai producir a loita de clases nos próximos anos. Nese terreo movémonos hoxe e moverémonos durante un tempo. Unir aos pobos, combater aos estados, combater o proxecto da UE paréceme a tarefa máis urxente.

---

20. Un exemplo témolo na carte de Mario Draghi e de Jean Claude Trichet aos gobernos italiano e español de 4 de agosto de 2011. O goberno italiano fixoa pública. Non así o goberno español. Porén o ministro de economía italiano Giulio Tremonti confirmou que o goberno español recibira tamén a carta. Pódese ler o texto da carta en CANFORA, Luciano, *È l'Europa che ce lo chiede*, Bari, Laterza, 2012, pp. 59-62. En español no libro de dito autor, *La historia falsa y otros escritos*, Madrid, Capitán Swing, 2013, pp. 49-51. A reforma do artigo 135 da Constitución española narrouse así con toda desvergoña por José Luis Rodríguez Zapatero: “Foi naquel momento unha especie de iniciativa cautelara para non ter que verme na tesitura de tomar outras medidas moito máis duras socialmente... entón o escaerío era chegar ás eleccións ou á campaña electoral como acabaron Italia e Grecia, con gobernos técnicos, ou tomar algunha iniciativa de calado que supuxera unha imaxe de fortaleza e de credibilidade”. Entrevista a El País, 24 de novembro de 2013. [http://politica.elpais.com/politica/2013/11/23/actualidad/1385241338\\_816422.html#sumario\\_3](http://politica.elpais.com/politica/2013/11/23/actualidad/1385241338_816422.html#sumario_3). O día 27 de novembro de 2013, José Luis Rodríguez Zapatero presentou en público as súas memorias, incluíndo, segundo a prensa este documento que lle foi pedido por activa e por pasiva pola oposición parlamentaria daquela. Case dous anos máis tarde. [http://www.eldiario.es/zonacritica/ZP-guardo-memorias\\_6\\_201289873.html](http://www.eldiario.es/zonacritica/ZP-guardo-memorias_6_201289873.html).

Abrir paso a un novo bloque histórico dos PIGS significa iniciar un longo proceso de construción que ten por diante un longo e difícil percorrido. De entrada parece difícil dotalo do carácter nacional-popular co que contaron os estados nacionais no proceso da súa creación. As identidades culturais e lingüísticas, os corporativismos de clase ou de fracción de clase e de territorio van poñer obstáculos formidables a este novo internacionalismo.

Os temas da política tampouco facilitarán o desenvolvemento desta proposta política. Por un lado o ritmo lento de formación dun novo bloque histórico, vai chocar e ir a contrapelo dos ritmos rápidos e decisivos da destrutora guerra lóstrego (blitz krieg) económica do imperialismo alemán por todo o territorio que controla e domina. Doutra parte, a dinámica e os ritmos dispares da loita de clases en cada territorio dos vellos estados crearán novas dificultades e contradicións.

Pero o camiño que se sinala no documento da Rete é o único razoable. Á pregunta de se se pode crear un bloque histórico dos países do Mezzogiorno europeo, só podemos dar a resposta que están a dar os movementos sociais ante as inauditas agresións do capital: si, pódese.



**[SN]**

[www.somosninguen.org](http://www.somosninguen.org)